



## Concello de Ribeira de Piquín

### DECRETO DA ALCALDÍA

En Ribeira de Piquín, a 28 de febreiro de 2022.

**Asunto:** Nomeamento tribunal selección e datas do proceso selectivo dun/ha mestre/a de educación compensatoria para o Obradoiro Dual de Emprego "O Castro VII".

**DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).**

Vista a Orde do 31 de decembro de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (DOGA núm. 22, de data 03/02/2021).

Visto o Convenio de colaboración entre os Concellos de Castroverde, A Pastoriza, Pol, Riotorto e Ribeira de Piquín para a solicitude conxunta dunha subvención á Xunta de Galicia para a realización dun Obradoiro Dual de Emprego, de data marzo de 2021, por medio do cal se designa ao Concello de Ribeira de Piquín como promotor do proxecto de Obradoiro dual de emprego.

Vista a Resolución da Xefa Territorial de Lugo da Consellería de Emprego e Igualdade de data 08/09/2021, pola que se concede unha subvención ao Concello de Ribeira de Piquín para a realización do proxecto do Obradoiro dual de emprego denominado "O Castro VII" para 20 alumnos/as traballadores/as.

Considerando o establecido nas Circulares núm. 5/2021 e 6/2021 da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, que indican ás instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e obradoiros duais de emprego.

Examinada a documentación que obra no expediente e de conformidade co establecido na Orde do 31 de decembro de 2020, así como nas Circulares núm. 5/2021 e 6/2021 da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Nomear aos seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección dun/ha mestre/a de educación compensatoria para o Obradoiro Dual de Emprego "O Castro VII":


Presidente: Dna. Mónica Lamas Beceiro, Técnico en Orientación Laboral dos Concellos de Meira, Riotorto e Ribeira de Piquín (Lugo).

Vogais:

Dna. Pilar Tella Mazoy, administrativa do Concello da Ribeira de Piquín (Lugo).

Dna. María del Carmen Carricajo Alavés, Traballadora Social do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Dna. Andrea Pasarín Marey, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).





## Concello de Ribeira de Piquín

---

Secretario: D. Juan Hernando Rosa Ruíz, Secretario-Interventor do Concello de Bóveda.

Igualmente, proceder a convocar ao citado Tribunal para o luns día 7 de marzo de 2022, ás 11:30 horas, no salón de plenos da Casa Consistorial de Ribeira de Piquín, aos efectos da constitución do tribunal.

**SEGUNDO.-** Sinalar a data de celebración do procedemento de selección dun/ha mestre/a de educación compensatoria para o Obradoiro Dual de Emprego “O Castro VII”, e que será o día 7 de marzo de 2022, ás 12:00 horas.

Mándao e asínoa o Sr. Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico, en Ribeira de Piquín a 28 de febreiro de 2022.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

